Proxecto de investigación de Prevalencia de Patoloxía Psiquiátrica en consultas de pediatría de atención primaria en Galicia.

Presidenta da AGAPAP (Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria) e vogal da AEPAP (Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria).

Licenciada en Medicina y Cirugía por la Universidad de Santiago, especialista en Pediatría vía MIR (Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera). Pediatra de Atención Primaria en el CS Casa del Mar, ponente y moderadora de diversos cursos y tutora de residentes de Medicina de Familia y Pediatría en Atención Primaria. Coordinadora de los cursos de Formación Continuada en Pediatría desde el año 2008.

Proyecto de investigación de Prevalencia de Patología Psiquiátrica en consultas de pediatría de atención primaria en Galicia.

Presidenta de la AGAPAP (Asociación Gallega de Pediatría de Atención Primaria) y vocal de la AEPAP (Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria).

Como integramos o consumo de contidos dixitais nunha infancia saudable?

Inculcándolle aos nosos fillos e fillas, alumnado ou pacientes os principios e valores polos que nos debemos rexer tanto no mundo real como no dixital. Debemos educar no respecto, na coherencia, na responsabilidade e na tolerancia.

Os contidos aos que accede un ou unha menor deben de ser adecuados á súa idade. Debemos coñecer e usar ferramentas de control parental, desde a supervisión total a unha estreita supervisión, axustando o nivel de mediación ao nivel de maduración.

É necesario establecer regras e límites, equilibrio co resto das actividades do ou da menor. Non permitamos que abandone outras actividades ou amigos e amigas reais.

Favorecer o pensamento crítico. Non sempre é certo o que sae en Internet. As persoas descoñecidas non son as nosas amigas.

Ser capaces de transmitirlle aos nosos menores e ás nosas menores que o que se colga nas redes é das redes. E que esa pegada dixital pode ter consecuencias para as súas relacións e para o seu futuro. Respecto pola súa propia privacidade e pola dos demais.

¿Cómo integramos el consumo de contenidos digitales en una infancia sana?

Inculcando a nuestros hijos e hijas, alumnado o pacientes los principios y valores por los que nos debemos regir tanto en el mundo real como en el digital. Debemos educar en el respeto, en la coherencia, en la responsabilidad y en la tolerancia.

Los contenidos a los que accede un o una menor deben ser adecuados a su edad. Debemos conocer y usar herramientas de control parental, desde la supervisión total a una estrecha supervisión, ajustando el nivel de mediación al nivel de maduración.

Es necesario establecer reglas y límites, equilibrio con el resto de las actividades del o de la menor. No permitamos que abandone otras actividades o amigos y amigas reales.

Favorecer el pensamiento crítico. No siempre es cierto lo que sale en Internet. Las personas desconocidas no son nuestras amigas.

Ser capaces de transmitir a nuestros menores y nuestras menores que lo que se cuelga en las redes es de las redes. Y que esa huella digital puede tener consecuencias para sus relaciones y para su futuro. Respeto por su propia privacidad y la de los demás.

Cando debe preocuparse unha familia ou o profesorado por un posible uso abusivo de Internet?

Cando detectamos problemas físicos (dor de costas, fatiga ocular, cefalea, trastornos do sono...), académicos (falta de concentración, fracaso escolar..), psíquico-sociais (agresividade, apatía, illamento, cambios no comportamento...).

Que axuda poden ofrecer os servizos de saúde cando as familias ou os centros detectan que a contorna dixital pode causar problemas ao alumnado?

Dentro do Programa de Saúde Infantil debemos realizar prevención primaria falando con pais, nais e menores dos riscos e dos beneficios das redes sociais.

Debemos ser persoas activas na procura de signos que nos poidan alertar na consulta de posibles vítimas ou autores de delitos que se cometen nas redes: cambios físicos, emocionais ou do comportamento dos nosos e das nosas doentes.

Diante da sospeita dun caso de ciberacoso, *grooming*... debemos actuar inmediatamente.

Documentalo.

Valorar a gravidade.

Valorar risco paciente: falar co menor ou coa menor, evitar culpabilización, transmitir confianza, pactar con el ou con ela os pasos que se van seguir.

Buscar os apoios necesarios para axudar ao ou á menor.

Prestarlle axuda psicolóxica e tratamento de o precisar.

Denunciar.

Se puideses dar un só consello ás familias e ao profesorado a respecto da identidade dixital, cal sería?

Non deixes o teu fillo ou a túa filla/alumnado en soidade diante das TIC. Acompaña no bo uso, sen abuso e con responsabilidade das novas tecnoloxías.

¿Cuándo debe preocuparse una familia o el profesorado por un posible uso abusivo de Internet?

Cuando detectamos problemas físicos (dolor de espalda, fatiga ocular, cefalea, trastornos del sueño...), académicos (falta de concentración, fracaso escolar...), psíquico-sociales (agresividad, apatía, aislamiento, cambios en el comportamiento...).

¿Qué ayuda pueden ofrecer los servicios de salud cuando las familias o los centros detectan que el entorno digital puede causar problemas al alumnado?

Dentro del Programa de Salud Infantil debemos realizar prevención primaria hablando con los padres, las madres y los y las menores de riesgos y beneficios de las redes sociales.

Debemos ser personas activas en la búsqueda de signos que nos puedan alertar en la consulta de posibles víctimas o autores de delitos que se cometen en redes: cambios físicos, emocionales o del comportamiento de nuestros enfermos y enfermas.

Ante la sospecha de un caso de ciberacoso, *grooming*... debemos actuar inmediatamente.

Documentarlo.

Valorar la gravedad.

Valorar riesgo paciente: hablar con el o la menor, evitar culpabilización, transmitir confianza, pactar con él o ella los pasos a seguir.

Buscar los apoyos necesarios para ayudar al o a la menor.

Prestarle ayuda psicológica y tratamiento si lo necesita.

Denunciar.

Si pudieses dar un único consejo a las familias y profesorado a respecto de la identidad digital, ¿cuál sería?

No dejes a tu hijo o hija/alumnado en soledad ante las TIC. Acompaña en el buen uso, sin abuso y con responsabilidad de las nuevas tecnologías.

VÍCTOR SALGADO SEGUÍN

Socio-Director de Pintos & Salgado Avogados.

Especializado en Dereito TIC desde 1997.

Socio-Director de Pintos & Salado Abogados.

Especializado en Derecho TIC desde 1997.

A imaxe persoal (propia imaxe) está protexida polo dereito á intimidade?

Non só está protexida senón que, de feito, goza dun dereito fundamental propio recoñecido no artigo 18 da nosa Constitución: trátase do dereito á propia imaxe.

Este é un dereito bastante descoñecido, salvo que falemos no ámbito das dúas grandes efes: Famosos e Futbolistas. Isto é porque, devanditos colectivos viven, directa ou indirectamente, da súa propia imaxe a nivel profesional pero, curiosamente, son os colectivos que menos están protexidos por este dereito fundamental. A razón é moi simple: o que protexe principalmente este dereito fundamental é o anonimato, é dicir, o dereito de toda persoa a camiñar tranquilamente pola rúa sen que ninguén, salvo os seus coñecidos, saiban quen é.

Por tanto, o dereito á o propia imaxe prohibe, a efectos prácticos, que ninguén poida sacar unha fotografía a unha persoa, e moito menos publicala, sen a súa previa autorización. E isto salvo excepcións moi concretas como o caso das persoas famosas, en determinados ámbitos, ou as imaxes tomadas por un medio de comunicación, sempre que a imaxe dunha persoa sexa meramente accesoria.

En efecto, este é un dos dereitos máis vulnerado nos últimos anos con ocasión da proliferación das redes sociais e da práctica estendida de tomar e subir fotos sen autorización, incluíndo as dos menores.

A lei de protección de datos española, como se vincula coas políticas de privacidade?

Para empezar, o termo "política de privacidade" é máis aplicable á contorna normativa de EEUU (da cal procede) que non á contorna europea. En Estados Unidos non hai unha Lei de Protección de Datos a nivel Federal, como a Directiva, o Re-

¿La imagen personal (propia imagen) está protegida por el derecho a la intimidad?

No solo está protegida, sino que, de hecho, goza de un derecho fundamental propio reconocido en el artículo 18 de nuestra Constitución: se trata del derecho a la propia imagen.

Este es un derecho bastante desconocido, salvo que hablemos en el ámbito de las dos grandes efes: personas Famosas y Futbolistas. Esto es porque dichos colectivos viven, directa o indirectamente, de su propia imagen a nivel profesional, pero, curiosamente, son los colectivos que menos están protegidos por este derecho fundamental. La razón es muy simple: lo que protege principalmente este derecho fundamental es el "anonimato", es decir, el derecho de toda persona a caminar tranquilamente por la calle sin que nadie, salvo las personas que la conocen, sepan quién es.

Por tanto, el derecho a la propia imagen prohíbe, a efectos prácticos, que nadie pueda sacar una fotografía a una persona, y mucho menos publicarla, sin su previa autorización. Y esto salvo excepciones muy concretas como el caso de las personas famosas, en determinados ámbitos, o las imágenes tomadas por un medio de comunicación, siempre que la imagen de una persona sea meramente accesoria.

En efecto, este es uno de los derechos más vulnerados en los últimos años con ocasión de la proliferación de las redes sociales y de la práctica extendida de tomar y subir fotos sin autorización, incluyendo las de menores.

La ley de protección de datos española, ¿cómo se vincula con las políticas de privacidad?

Para empezar, el término de "política de privacidad" es más aplicable al entorno normativo de EEUU (del cual procede) que no al entorno europeo. En Estados

gulamento Europeo ou a LOPD española. Por tanto, cando non temos unha Lei de Privacidade, que temos? Pois temos unha *política de privacidade.* É dicir, unha norma autoimposta e non limitada por unha lei formal onde eu simplemente conto como vou tratar os datos na miña organización. Nesta contorna, a única limitación que teño é a de "contar a verdade e toda a verdade" aos interesados e, no seu caso, solicitar o seu consentimento ou aceptación desa política.

Aquí é onde temos a maior mentira de Internet que non é outra que "lin atentamente e acepto as condicións de uso". E é que todos, ou case todos, aceptamos as ditas condicións, política de privacidade incluída, sen nin sequera botarlle unha lectura superficial, e así nos atopamos logo as sorpresas.

Con todo, no que a Europa e a España se refire, a dita política de privacidade non ten o mesmo sentido xa que non pode conter o que á organización *lle dea a gana* senón só aquilo que cumpra estritamente o contido e requisitos dispostos na Lei. Por tanto, aquí é menos grave se non nos lemos as ditas condicións xa que sempre teñen que respectar un mínimo de protección e obrigacións impostas legalmente. Por iso falamos de Protección de Datos, a diferenza doutras contornas xurídicas menos restritivas.

Calquera persoa pode subir a internet unha foto nosa sempre que non nos etiquete? E se nos etiqueta? E cando se sobe a un xornal?

Tal e como comentamos na primeira resposta, ninguén pode captar nin, por suposto, subir a fotografía dunha persoa a unha rede social sen o previo consentimento concreto da mesma. Neste sentido, dá igual que a etiquete ou non porque o dereito á propia imaxe está vulnerado igualmente. En todo caso, falariamos dunha responsabilidade engadida por vulnerar tamén o dereito á privacidade da devandita persoa ao etiquetala tamén.

No caso dun xornal, como indicamos tamén, é distinto posto que está a exercer un dereito tamén fundamental como é a liberdade de información e a liberdade de expresión. Por iso, a Lei Orgánica 1/1982, no seu artigo 8.2.c), permite que un xornal poida publicar fotografías de

Unidos, no hay una ley de protección de datos a nivel federal, como la Directiva, el Reglamento Europeo o la LOPD española. Por tanto, cuando no tenemos una "ley de privacidad", ¿qué tenemos? Pues tenemos una *"política de privacidad".* Es decir, una norma autoimpuesta y no limitada por una ley formal donde yo simplemente cuento cómo voy a tratar los datos en mi organización. En este entorno, la única limitación que tengo es la de "contar la verdad y toda la verdad" a las personas interesadas y, en su caso, recabar su consentimiento o aceptación de esa política.

Aquí es donde tenemos la mayor mentira de internet que no es otra que el "he leído atentamente y acepto las condiciones de uso". Y es que todas las personas usuarias, o casi todas, aceptamos dichas condiciones, "política de privacidad" incluida, sin ni siquiera echarle una lectura superficial y así nos encontramos luego las sorpresas.

Sin embargo, en lo que a Europa y a España se refiere, dicha política de privacidad no tiene el mismo sentido ya que no puede contener lo que a la organización *"le dé la gana"* sino sólo aquello que cumpla estrictamente el contenido y requisitos dispuestos en la Ley. Por tanto, aquí es menos grave si no nos leemos dichas condiciones ya que siempre tienen que respetar un mínimo de protección y obligaciones impuestas legalmente. Por ello hablamos de "Protección de Datos", a diferencia de otros entornos jurídicos menos restrictivos.

¿Cualquier persona puede subir a Internet una foto nuestra siempre que no nos etiquete? ¿Y si nos etiqueta? ¿Y cuando se sube a un periódico?

Tal y como comentamos en la primera respuesta, nadie puede captar ni, por supuesto, subir la fotografía de una persona a una red social sin el previo consentimiento concreto de la misma. En este sentido, da igual que la etiquete o no porque el derecho a la propia imagen está vulnerado igualmente. En todo caso, hablaríamos de una responsabilidad añadida por vulnerar también el derecho a la privacidad de dicha persona al etiquetarla.

En el caso de un periódico, como indicamos, es distinto puesto que está ejer-

persoas pero sempre que se cumpran dúas condicións:

1. Que sexa para informar dun suceso ou acaecemento público (obxecto noticiable) e
2. Que a imaxe dunha persoa concreta sexa meramente accesoria e non o centro da noticia (salvo no caso de personaxes públicos definidos na xurisprudencia constitucional posterior).

Para poder exercer os nosos dereitos o mellor é utilizar sempre o noso nome real

Isto non é necesario. En internet tamén temos dereito a publicar anonimamente ou baixo pseudónimo. Ninguén está obrigado a identificarse salvo para accións e trámites moi concretos e conforme a Lei.

Iso si, dicir que temos dereito a ser anónimos non implica que gocemos dun anonimato total ou de total impunidade respecto do que publiquemos ou fagamos a través da rede. Como na vida real, todo o que facemos na Rede deixa un rastro e, en caso de ser necesario e en aplicación dos instrumentos legais, podemos chegar a ser identificados e, mesmo, perseguidos para a investigación de determinadas infraccións ou delitos cometidos en Internet como, por exemplo, a publicación de contidos ilícitos ou nocivos en prexuízo doutras persoas.

Se usamos un pseudónimo e facemos declaracións falsas ou vertemos insultos contra alguén que tamén usa pseudónimo, non pode haber delito.

Ao contrario. En base ao comentado na resposta anterior, calquera falsidade ou insulto vertido contra outra persoa desde un pseudónimo ou desde o anonimato é igualmente un delito e non se beneficia de ningunha impunidade total ou parcial por iso. Do mesmo xeito, aínda que a vítima use igualmente un pseudónimo ou sexa anónima, iso non quere dicir que non exista responsabilidade. O motivo é que, detrás dese pseudónimo, hai unha persoa con dereitos que poden ser vulnerados e, por tanto, é igualmente perseguible. O dereito á honra dunha persoa ten tanto unha vertente pública, a reputación da mesma na sociedade, como unha vertente privada, a súa dig-

ciendo un derecho también fundamental como es la libertad de información y la libertad de expresión. Por ello, la Ley Orgánica 1/1982, en su artículo 8.2.c), permite que un periódico pueda publicar fotografías de personas, pero siempre que se cumplan dos condiciones:

1. Que sea para informar de un suceso o acontecimiento público (objeto noticiable) y
2. Que la imagen de una persona concreta sea meramente accesoria y no el centro de la noticia (salvo en el caso de personajes públicos definidos en la jurisprudencia constitucional posterior).

Para poder ejercer nuestros derechos lo mejor es utilizar siempre nuestro nombre real.

Esto no es necesario. En internet también tenemos derecho a publicar anónimamente o bajo seudónimo. Nadie tiene la obligación de identificarse salvo para acciones y trámites muy concretos y con arreglo a la Ley.

Eso sí, decir que tenemos derecho al anonimato no implica que disfrutemos de un anonimato total o de total impunidad respecto a lo que publiquemos o hagamos a través de la red. Como en la vida real, todo lo que hacemos en la Red deja un rastro y, en caso de ser necesario y en aplicación de los instrumentos legales, puede ser que nos identifiquen e, incluso, persigan para la investigación de determinadas infracciones o delitos cometidos en internet como, por ejemplo, la publicación de contenidos ilícitos o nocivos en perjuicio de otras personas.

Si usamos un seudónimo y hacemos declaraciones falsas o proferimos insultos contra alguien que también usa seudónimo, no puede haber delito.

Al contrario. En base a lo comentado en la respuesta anterior, cualquier falsedad o insulto vertido contra otra persona desde un seudónimo o desde el anonimato es igualmente un delito y no se beneficia de ninguna impunidad total o parcial por ello. Del mismo modo, aunque la víctima use igualmente un seudónimo o sea anónima, eso no quiere decir que no exista responsabilidad. El motivo es que, detrás de ese seudónimo, hay una persona con

nidade e amor propio e isto último pode ser vulnerado e afectado igualmente en todos os casos.

Como ben resumiu Virginia Shea, autora norteamericana que publicou un libro sobre as primeiras regras de comportamento en Internet, chamado *NETiquette* nos 90, a primeira delas é: "Nunca esqueza que a persoa que le a mensaxe é en efecto humana con sentimentos que poden ser magoados".

Por que Facebook/Twitter/ Instagram/Google... son gratuítos?

Esta é unha grande pregunta que todos deberiamos facernos hoxe en día. O motivo é que, en realidade, non son gratuítos, senón que pagamos con outra moeda: os nosos datos. Os devanditos datos, grazas á "maior mentira de Internet" que comentabamos antes, extráense de maneira masiva e altamente intrusiva sobre nós e véndense ao mellor ofertante, literalmente.

Este é un modelo de negocio que está a imperar en Internet, grazas especialmente á permisiva lexislación norteamericana, que conleva que os usuarios destas plataformas nos convertamos, en realidade, nos verdadeiros produtos que estas compañías venden aos seus verdadeiros clientes: os anunciantes. O Gran Irmán de Orwell está máis preto do que cremos. Para protexernos, afortunadamente está a lexislación europea, que recentemente estreou un novo Regulamento UE que entrará plenamente en aplicación o 25 de maio de 2018 pero que, como interesados, debemos coñecer e esixir, e utilizar activamente as ferramentas que nos confire para protexernos.

Se puideses dar un só consello ás familias e ao profesorado a respecto da identidade dixital, cal sería?

O meu consello sería o de deixar de ter medo á tecnoloxía e de idolatrar á falsa figura do nativo dixital, para realmente tomar coñecemento dela e ensinar aos menores a usala dun modo responsable e con plena conciencia dos nosos dereitos e total respecto aos alleos. Temos a mellor ferramenta da Historia da Humanidade, só temos que aprender e ensinar a utilizala ben.

derechos que pueden ser vulnerados y, por tanto, es igualmente perseguible. El derecho al honor de una persona tiene tanto una vertiente pública, la reputación de la misma en la sociedad, como una vertiente privada, su dignidad y amor propio y esto último puede ser vulnerado y afectado igualmente en todos los casos.

Como bien resumió Virginia Shea, autora norteamericana que publicó un libro sobre las primeras reglas de comportamiento en internet, llamado *"NETiquette"* en los 90, la primera de ellas es: "Nunca olvide que la persona que lee el mensaje es en efecto humana con sentimientos que pueden ser dañados".

¿Por qué Facebook/Twitter/ Instagram/Google... son gratuitos?

Esta es una gran pregunta que deberíamos hacernos hoy en día. El motivo es que, en realidad, no son gratuitos, sino que pagamos con otra moneda: nuestros datos. Dichos datos, gracias a "la mayor mentira de internet" que comentábamos antes, se extraen de manera masiva y altamente intrusiva sobre nosotros y se venden al mejor postor, literalmente.

Este es un modelo de negocio que está imperando en internet, gracias especialmente a la permisiva legislación norteamericana, que implica que las personas usuarias de estas plataformas nos convirtamos, en realidad, en los verdaderos productos que estas compañías venden a su verdadera clientela: los y las anunciantes. El Gran Hermano de Orwell está más cerca de lo que creemos. Para protegernos, afortunadamente, está la legislación europea, que recientemente ha estrenado un nuevo Reglamento UE que entrará plenamente en aplicación el 25 de mayo de 2018 pero que, como personas interesadas, debemos conocer y exigir y utilizar activamente las herramientas que nos confiere para protegernos.

Si pudieses dar un único consejo a las familias y profesorado a respecto de la identidad digital, ¿cuál sería?

Mi consejo sería el de dejar de tener miedo a la tecnología y de idolatrar a la falsa figura del nativo o nativa digital, para realmente tomar conocimiento de ella y enseñar a los y las menores a usarla de un modo responsable y con plena conciencia de nuestros derechos y total respeto a los

ajenos. Tenemos la mejor herramienta de la Historia de la Humanidad, sólo tenemos que aprender y enseñar a utilizarla bien.

FERNANDO SUÁREZ LORENZO

Licenciado en Informática pola Universidade da Coruña, é un dos impulsores do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), órgano que preside desde a súa constitución, en decembro de 2007.

Desde maio de 2016 desenvolve a súa actividade profesional na Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) da Xunta de Galicia, como xefe do Departamento de Sistemas. Previamente, desde 2006, traballou no Concello Santiago de Compostela, primeiro como xefe de Sistemas e Comunicacións e posteriormente como xefe de Innovación, liderando o proxecto Smart iAgo, estratexia de Smart City nunha Cidade Patrimonio. Actualmente é tamén vicepresidente 1º do Consello Xeral de Colexios de Enxeñaría en Informática, cargo no que permanece desde 2009.

Licenciado en Informática por la Universidad de A Coruña, es uno de los impulsores del Colegio profesional de Ingeniería en Informática de Galicia (CPEIG), órgano que preside desde su constitución, en diciembre de 2007.

Desde mayo de 2016 desarrolla su actividad profesional en la Agencia de Modernización Tecnológica de Galicia (AMTEGA) de la Xunta de Galicia, como jefe del Departamento de Sistemas. Previamente, desde 2006, trabajó en el Ayuntamiento Santiago de Compostela, primero como jefe de Sistemas y Comunicaciones y posteriormente como jefe de Innovación, liderando el proyecto Smart iAgo, estrategia de Smart City en una Ciudad Patrimonio. Actualmente es también vicepresidente 1º del Consejo General de Colegios de Ingeniería en Informática, cargo en el que permanece desde 2009.

Un/Unha menor de 18 anos pode ter conta en redes sociais?

No noso país, a idade mínima para poder abrir un perfil nunha rede social está establecida nos 14 anos, tal e como se recolle no Regulamento que desenvolve a LOPD (Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal). Por debaixo desa idade é necesario o consentimento dos pais, das nais ou titores. Non obstante, o novo Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD), que obrigará á actualización da LOPD, vixente desde 1999, establece a idade mínima nos 16 anos, pero permitindo que os Estados Membros a fixen con anterioridade, aínda que sempre por riba dos 13 anos. Este regulamento comezará a súa aplicación o 25 de maio de 2018.

Esta situación antóllase complicada por dous factores: por unha banda, a comprobación de idade é realmente complexa en Internet a día de hoxe, xa que son claramente insuficientes os mecanismos actuais de consulta de idade nos que unha resposta que indique menos de 14 anos impide o acceso (se a condición necesaria para crear un perfil nunha rede social é ter esta idade, ningún menor recoñecerá ter menos anos); por outra, é unha quimera esixir control paterno ou materno

Un/a menor de 18 años, ¿puede tener cuenta en redes sociales?

En nuestro país, la edad mínima para poder abrir un perfil en una red social está establecida en los 14 años, tal y como se recoge en el Reglamento que desarrolla la LOPD (Ley Orgánica de Protección de Datos de Carácter Personal). Por debajo de esa edad es necesario el consentimiento de los padres, de las madres o tutores. No obstante, el nuevo Reglamento General de Protección de Datos (RGPD), que obligará a la actualización de la LOPD, vigente desde 1999, establece la edad mínima en los 16 años, pero permitiendo que los Estados Miembros la fijen con anterioridad, aunque siempre por encima de los 13 años. Este reglamento comenzará su aplicación el 25 de mayo de 2018.

Esta situación se antoja complicada por dos factores: por una parte, la comprobación de edad es realmente compleja en Internet a día de hoy, siendo claramente insuficientes los actuales mecanismos de consulta de edad en los que una respuesta que indique menos de 14 años impide el acceso (si la condición necesaria para crear un perfil en una red social es tener esta edad, ningún menor reconocerá tener menos años); por otra, es una quime-

para cada decisión na Rede dun ou dunha adolescente do século XXI.

Todo o contido publicado en Internet é libre.

En primeiro lugar, habería que definir que é o contido libre en Internet. Poderíase definir como aquel contido ou información que non posúe restricións legais significativas en relación co dereito de uso, redistribución e creación de versións modificadas por parte de terceiras persoas.

Polo tanto, hai unha diferenza importante en que o acceso a certos contidos sexa libre, con que o uso destes contidos teña a mesma cualificación. Por exemplo, se un autor ou unha autora publica unha obra en Internet (musical, literaria...) non necesariamente este contido é libre, xa que está suxeito ás restricións de dereitos de autoría, de modo que se quixese que a publicación fose libre, tería que declarar de forma explícita este feito. Isto é, por exemplo, o que ocorre coas licenzas *Creative Commons,* que permiten aos autores e ás autoras autorizar o uso da súa obra, pero manténdoa protexida.

Cal é a diferenza entre libre e gratuíto?

Aínda que pode parecer que son o mesmo, e de feito moita xente así o entende, son conceptos totalmente diferentes. Quizais a confusión proveña do uso da palabra inglesa "*free*", que se traduciu por ambos os dous termos, moitas veces de forma errónea.

Que un contido sexa gratuíto o que indica é que non hai que pagar polo seu uso, o que non implica necesariamente que sexa libre nos termos de liberdade explicados anteriormente, xa que o feito da súa gratuidade non outorga máis dereitos sobre os contidos en cuestión. Por outra banda, que algo sexa libre e nos permita a súa redifusión ou modificación, non implica que non teñamos que pagar polo seu uso.

Poñamos un caso práctico: podemos acceder a unha determinada canción en Internet, como ocorre no caso de YouTube, sen pagar por ela, pero iso non nos dá dereito para usala como queiramos, por exemplo para un anuncio publicitario, sen autorización do autor ou da autora. Este sería un exemplo de contido gratuíto pero non libre. Por outra banda, no caso libre

ra exigir control paterno o materno para cada decisión en la Red de un o una adolescente del siglo XXI.

Todo el contenido publicado en Internet es libre.

En primer lugar, habría que definir qué es el contenido libre en Internet. Podría definirse como aquel contenido o información que no posee restricciones legales significativas en relación con el derecho de uso, redistribución y creación de versiones modificadas por parte de terceras personas.

Por tanto, hay una diferencia importante en que el acceso a ciertos contenidos sea libre, con que el uso de los mismos tenga la misma calificación. Por ejemplo, si un autor o una autora publica una obra en Internet (musical, literaria...) no necesariamente este contenido es libre, ya que está sujeto a las restricciones de derechos de autoría, de modo que, si quisiera que la publicación fuera libre, tendría que declarar de forma explícita este hecho. Esto es, por ejemplo, lo que ocurre con las licencias *Creative Commons,* que permiten a los autores y a las autoras autorizar el uso de su obra, pero manteniéndola protegida.

¿Cuál es la diferencia entre libre y gratuito?

Aunque puede parecer que son lo mismo, y de hecho mucha gente así lo entiende, son conceptos totalmente diferentes. Tal vez la confusión provenga del uso de la palabra inglesa *"free"*, que fue traducida por ambos términos, muchas veces de forma errónea.

Que un contenido sea gratuito lo que indica es que no hay que pagar por su uso, lo que no implica necesariamente que sea libre en los términos de libertad explicados anteriormente, ya que el hecho de su gratuidad no otorga más derechos sobre los contenidos en cuestión. Por otra parte, que algo sea libre y nos permita su redifusión o modificación, no implica que no tengamos que pagar por su uso.

Pongamos un caso práctico: podemos acceder a una determinada canción en Internet, como ocurre en el caso de YouTube, sin pagar por ella, pero eso no nos da derecho para usarla como queramos, por ejemplo, para un anuncio publicitario, sin autorización del autor o de la autora. Este

vs. gratuíto, alguén pode publicar unha aplicación con formato libre, que permite a súa redifusión ou modificación para a súa mellora, e porén, cobrar por ela.

Que é o software "pirata"?

Son aqueles programas ou aplicacións que foron modificados ou distribuídos sen autorización. Exemplos de "piratería" de software poden ser a distribución de múltiples copias dun único software ou a instalación dunha única copia en varios equipos empregando a mesma licenza.

O problema do "software pirata" é que moitas veces a xente non é consciente do esforzo que supón desenvolver unha aplicación informática e que o seu autor ou autora ten dereito a unha contraprestación económica por parte de quen a utiliza. Pero tamén o "software pirata" é un dos grandes perigos na actualidade, xa que non hai garantías de quen o puido modificar e, por tanto, pode supor unha porta de entrada a virus, troianos e outros tipos de códigos maliciosos que poden poñer o noso equipo en risco. Unha das principais recomendacións que se acostuma facer no ámbito da ciberseguridade é evitar este tipo de aplicativos.

Se puideses dar un só consello ás familias e ao profesorado a respecto da identidade dixital, cal sería?

Que usen o sentido común. A contorna dixital non é en esencia tan distinta á física, polo tanto non son necesarios grandes coñecementos tecnolóxicos para poder transmitir pautas de comportamento aos rapaces e ás rapazas. Do mesmo xeito que aos nenos e ás nenas da miña xeración nos instruían a non falar con persoas estrañas, ese mesmo consello pode darse aos e ás adolescentes actuais no uso que fan das redes sociais. O mesmo ocorre co coñecemento dos amigos e das amigas dos nosos fillos e das nosas fillas, ou con saber os lugares aos que acoden. Cambia o medio (de físico a virtual), pero a esencia do comportamento é a mesma.

Ese sentido común amósase tamén no uso que as persoas adultas facemos de Internet e que serve de exemplo para os rapaces e as rapazas: se un pai ou unha nai publica contidos dos seus fillos e das súas fillas desde a infancia de forma indiscriminada, como pasa con certa frecuen-

sería un ejemplo de contenido gratuito, pero no libre. Por otra parte, en el caso libre vs. gratuito, alguien puede publicar una aplicación con formato libre, que permite su redifusión o modificación para su mejora, y, sin embargo, cobrar por ella.

¿Qué es el software "pirata"?

Son aquellos programas o aplicaciones que fueron modificados o distribuidos sin autorización. Ejemplos de "piratería" de software pueden ser la distribución de múltiples copias de un único software o la instalación de una única copia en varios equipos empleando la misma licencia.

El problema del "software pirata" es que muchas veces la gente no es consciente del esfuerzo que supone desarrollar una aplicación informática y que el autor o la autora de la misma tiene derecho a una contraprestación económica por parte de quienes la utilizan. Pero también el "software pirata" es uno de los grandes peligros en la actualidad, ya que no hay garantías de quien lo pudo modificar y, por tanto, puede suponer una puerta de entrada a virus, troyanos y otros tipos de códigos maliciosos que pueden poner nuestro equipo en riesgo. Una de las principales recomendaciones que se suele hacer en el ámbito de la ciberseguridad es evitar este tipo de aplicativos.

Si pudieses dar un único consejo a las familias y profesorado a respecto de la identidad digital, ¿cuál sería?

Que usen el sentido común. El entorno digital no es en esencia tan distinto al físico, por tanto, no son necesarios grandes conocimientos tecnológicos para poder transmitir pautas de comportamiento a los y las jóvenes. Al igual que a los niños y las niñas de mi generación nos instruían en no hablar con personas extrañas, ese mismo consejo puede darse a los y las adolescentes actuales en el uso que hacen de las redes sociales. Lo mismo ocurre con el conocimiento de los amigos y las amigas de nuestros hijos e hijas, o con saber los lugares a los que acuden. Cambia el medio (de físico a virtual), pero la esencia del comportamiento es la misma.

Ese sentido común se muestra también en el uso que las personas adultas hacemos de Internet y que sirve de ejemplo a los y las jóvenes: si un padre o una madre publica contenidos de sus hijos o hijas

cia, dificilmente vai poder establecerlles regras con certos límites no futuro.

Polo tanto, é fundamental que familias e educadores ou educadoras perdan o medo á tecnoloxía e saiban establecer unha relación de confianza e proximidade para poder ser a primeira referencia ante calquera risco ou comportamento perigoso, xa que a súa experiencia vital como adultos e adultas é moito máis importante do que pensan e dos propios coñecementos técnicos. Temos que ser conscientes que nin os profesionais e as profesionais do sector da informática somos quen de competir coa capacidade de actualización dos nosos e das nosas menores, e que Internet e as redes sociais están aquí para quedar e cada vez terán maior uso. Por todo isto o que temos as persoas adultas é outro tipo de habilidades que son fundamentais para mitigar os riscos e evitar situacións perigosas que debemos saber aproveitar.

desde su infancia de forma indiscriminada, como pasa con cierta frecuencia, difícilmente va a poder establecerles reglas con ciertos límites en el futuro.

Por tanto, es fundamental que familias y educadores o educadoras pierdan el miedo a la tecnología y sepan establecer una relación de confianza y cercanía para poder ser la primera referencia ante cualquier riesgo o comportamiento peligroso, ya que su experiencia vital como adultos y adultas es mucho más importante de lo que piensan y de los propios conocimientos técnicos. Tenemos que ser conscientes de que ni las personas profesionales del sector de la informática somos quien de competir con la capacidad de actualización de nuestros y nuestras menores, y que Internet y las redes sociales están aquí para quedarse y cada vez tendrán mayor uso. Por todo esto, lo que tenemos las personas adultas es otro tipo de habilidades que son fundamentales para mitigar los riesgos y evitar situaciones peligrosas que debemos saber aprovechar.

ÍNDICE DE PREGUNTAS

900 116 117

O Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE), ten activada unha liña de asistencia telefónica 900 116 117 para resolver as dúbidas e conflitos que habitualmente xorden no uso de Internet e as tecnoloxías por parte de nenos e nenas, adolescentes e os seus pais e nais.

Esta liña de asesoramento telefónico está atendida por expertos en psicoloxía, seguridade das tecnoloxías e cuestións legais. As chamadas atenderanse en horario de 10:00 a 20:00 horas de luns a venres e de 10:00 a 14:00 horas os sábados. Ademais, durante as 24 horas do día, os usuarios poden remitir dúbidas e consultas ao enderezo de correo electrónico ayuda@is4k.es.

Este servizo, de carácter confidencial e gratuíto, proporciona á menores asistencia sobre calquera consulta relacionada co uso seguro e responsable de Internet e os seus riscos como poden ser os conflitos sobre privacidade e reputación, o ciberbullying, o uso excesivo, contidos e contactos inapropiados, comunidades perigosas, así como cuestións sobre protección de dispositivos, virus ou fraudes, entre outros.

Xunto a nenos e adolescentes, tamén poderán facer chamadas pais, educadores e profesionais do ámbito do menor e atopar axuda para facer fronte a calquera circunstancia que poida xurdir en relación ao uso de Internet.

El Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE), tiene activada una línea de asistencia telefónica 900 116 117 para resolver las dudas y conflictos que habitualmente surgen en el uso de Internet y las tecnologías por parte de niños y niñas, adolescentes y sus padres y madres.

Esta línea de asesoramiento telefónico está atendida por expertos en psicología, seguridad de las tecnologías y cuestiones legales. Las llamadas se atenderán en horario de 10:00 a 20:00 horas de lunes a viernes y de 10:00 a 14:00 horas los sábados. Además, durante las 24 horas del día, los usuarios pueden remitir dudas y consultas a la dirección de correo electrónico ayuda@is4k.es.

Este servicio, de carácter confidencial y gratuito, proporciona a la menores asistencia sobre cualquiera consulta relacionada con el uso seguro y responsable de Internet y sus riesgos como pueden ser los conflictos sobre privacidad y reputación, el ciberbullying, el uso excesivo, contenidos y contactos inapropiados, comunidades peligrosas, así como cuestiones sobre protección de dispositivos, virus o fraudes, entre otros.

Junto a niños y adolescentes, también podrán hacer llamadas padres, educadores y profesionales del ámbito del menor y encontrar ayuda para hacer frente a cualquier circunstancia que pueda surgir en relación al uso de Internet.

galicia

Do mesmo xeito que todas as persoas necesitamos desenvolver as nosas competencias para manexarnos no medio físico e social, tamén precisamos ser quen de acadar plena autonomía para levar a cabo o noso proxecto vital no mundo dixital. A xestión da nosa identidade dixital, de quen somos para os demais nas redes, quen queremos ser e como percibimos e somos percibidos, require que os máis novos conten co apoio e o acompañamento que normalmente prestamos nas contornas físicas. Pero cando falamos de contornas dixitais, tan efémeras e cambiantes, familias e profesorado atopámonos con dúbidas.

No marco da Estratexia Galega de Convivencia 2015-2020 (Educonvives.gal), da man de expertos de recoñecido prestixio tanto nos seus ámbitos de coñecemento como na contorna dixital, abórdanse as dúbidas máis comúns que tanto familias como profesorado ou mesmo o alumnado ten ao respecto de cuestións que teñen que ver coa xestión da identidade dixital.

- Que é unha conexión segura?
- Como podemos exercer unha cidadanía activa e participativa en Internet?
- Que é o sexting?
- É certo que en Internet non hai fronteiras?

... así ata 50 preguntas respondidas con rigor pero cunha linguaxe clara e cercana.

Porque todos podemos e debemos ser quen de ter unha identidade dixital coa que nos sintamos a gusto.

Al igual que todas las personas necesitamos desarrollar nuestras competencias para manejarnos en el medio físico y social, también es necesario poder alcanzar plena autonomía para llevar a cabo nuestro proyecto vital en el mundo digital. La gestión de nuestra identidad digital, de quién somos para los demás en las redes, quién queremos ser y cómo percibimos y somos percibidos, requiere que los más jóvenes cuenten con el apoyo y el acompañamiento que normalmente prestamos en los entornos físicos. Pero cuando hablamos de entornos digitales, tan efímeros y cambiantes, familias y profesorado nos encontramos con dudas.

En el marco de la Estrategia Gallega de Convivencia 2015-2020 (Educonvives.gal), de la mano de expertos de reconocido prestigio tanto en sus ámbitos de conocimiento como en el entorno digital, se abordan las dudas más comunes que tanto familias como profesorado o incluso el alumnado tiene al respecto a cuestiones que tienen que ver con la gestión de la identidad digital.

- ¿Qué es una conexión segura?
- ¿Cómo podemos ejercer una ciudadanía activa y participativa en Internet?
- ¿Qué es el sexting?
- ¿Es cierto que en Internet no hay fronteras?

... así hasta 50 preguntas respondidas con rigor pero con un lenguaje claro y cercano.

Porque todos podemos y debemos ser capaces de tener una identidad digital con la que nos sintamos a gusto.

XUNTA DE GALICIA